

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE O CONCELLO DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A XESTIÓN DOS ESPAZOS ARQUEOLÓXICOS MUSEALIZADOS «DOMUS DO MITREO»

Lugo, na data de sinatura electrónica,

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. Dna. Paula Alvarellos Fondo, Alcaldesa do Concello de Lugo, actuando en nome e representación do mesmo, en virtude do artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e con domicilio na Praza Maior, s/n, de Lugo.

Doutra parte, o Sr. D. Antonio López Díaz, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, nomeado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22/03/2022), en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con CIF Q1518001A e domicilio en Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782, Santiago de Compostela (A Coruña), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (BOE núm. 70, do 23/03/2023) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG núm. 29, do 12/02/2014).

As partes declaran expresamente que interveñen coa capacidade legal necesaria e competencia suficiente para subscribir o presente convenio interadministrativo (en adiante, convenio) e, en virtude do anterior,

EXPOÑEN

1. Que a Universidade de Santiago de Compostela é un entidade de dereito público que ten como misión prestar o servizo público da docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento no ámbito da educación superior e que, entre outras, ten as seguintes funcións:

- a xeración, desenvolvemento, difusión, transferencia e intercambio do coñecemento e a aplicabilidade da investigación en todos os campos científicos, tecnolóxicos, sociais, humanísticos, artísticos e culturais.
- a contribución ao benestar social, ao progreso económico e á cohesión da sociedade e da contorna territorial na que se insire, así como á promoción da lingua galega, a través da formación, a investigación, a transferencia e intercambio do coñecemento e á cultura do emprendemento

- a transferencia e intercambio do coñecemento e da cultura ao conxunto da sociedade a través da actividade universitaria e a formación permanente ou ao longo da vida do conxunto da cidadanía.

2. Que o Concello de Lugo ten entre as súas competencias a promoción da cultura e equipamentos culturais, segundo o artigo 25 da Lei de bases de réxime local e, así mesmo, en relación co patrimonio cultural, as obrigas previstas no artigo 3.2 da Leis/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e entre elas, en especial protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

3. Que a Universidade de Santiago de Compostela adquiriu varios edificios (Pazo de Montenegro e outros) para a súa reconstrucción e elaboración do proxecto da sede da Vicerreitoría do Campus de Lugo.

4. Que no ano 2000, no transcurso das obras, e dentro do perímetro de construción atopáronse restos arqueolóxicos salientables que obrigaron á súa conservación *insitu*. Ante a importancia dos restos e a súa situación na contorna da Muralla Romana, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro das súas competencias, financiou as obras de conservación e posta en valor da Muralla e a súa contorna inmediata, incluíndo a escavación dos espazos colindantes á cimentación da muralla, dentro dos que se atopaba a rúa do Moucho e a superficie xa escavada pola Universidade de Santiago de Compostela.

5. Que ao considerar estes descubrimentos de vital importancia para o coñecemento da cidade, a Consellería de Cultura e Deporte, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela formalizaron dous convenios, non anos 2006 e 2009, co obxectivo de conservar e poñer en valor a muralla e os restos arqueolóxicos, a dotación dunhas instalacións de climatización e acondicionamento higratérmico no ámbito do propio xacemento e, por último, a adaptación do edificio para a súa apertura ao público.

6. Que en 2013 rematáronse os traballos previstos no último dos convenios, compartindo Concello e Universidade, entre os anos 2013 e 2017, os gastos derivados da explotación museística do xacemento e da súa conservación, coa excepción da limpeza arqueolóxica que corresponde á Xunta de Galicia, ao estar incluído o espazo arqueolóxico no Plan Muralla.

7. Que a Universidade de Santiago de Compostela manifestou a súa intención de facerse cargo, en solitario, da xestión do museo para transformalo en Museo Universitario Domus do Mitreo solicitando ao Concello a cesión da xestión integral da Domus á USC mediante escrito do 8 de febreiro de 2016. Esta solicitude foi informada favorablemente, dando lugar á elaboración dun convenio subscrito o 28 de febreiro de 2018.

8. Que o obxecto do mencionado convenio era regular as concretas obrigas de xestión, mantemento, conservación e posta en valor do espazo arqueolóxico musealizado, de titularidade compartida entre a USC e o Concello de Lugo, mediante a cesión da xestión integral da Domus do Mitreo á USC.

9. Que o convenio prevía unha duración de 4 anos, prorrogable por acordo das partes, prórroga que non se produciu continuando, de facto, a xestión da Domus do Mitreo por parte da Universidade de Santiago de Compostela.

10. Que a Universidade de Santiago de Compostela dispón dun Plan de Proxección Institucional da USC dentro do que se contempla a posta en marcha dunha Rede de centros de divulgación que sirva para proxectar a marca USC e contribuír ao coñecemento aberto á cidadanía, e que dentro dese plan continúa mantendo o interese na xestión integral do Museo, co apoio das institucións correspondentes para contribuír á posta en valor da historia da cidade así como á docencia e á investigación na súa dimensión divulgativa.

11. Que o Concello de Lugo mantén o seu interese na colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela nos termos en que se viña realizando no ámbito da xestión da DomusMitreo.

Á vista do anterior e coa finalidade de dar continuidade ás actuacións, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela,

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do convenio

O presente Convenio de colaboración ten por obxecto regular as concretas obrigas de xestión, mantemento, conservación, e posta en valor do espazo arqueolóxico musealizado, denominado Domus do Mitreo, de titularidade compartida entre a USC e o Concello de Lugo.

Segundo. Compromisos da USC

A USC asume a xestión integral da Domus do Mitreo como espazo arqueolóxico musealizado, colaborando co Concello de Lugo, en tanto que cotitular do espazo arqueolóxico musealizado, na busca da potenciación e deseño conxunto das actividades que se poidan levar a cabo cos museos relacionados co pasado romano da cidade. O Concello participará-nas decisións relacionadas co espazo arqueolóxico.

Así mesmo, asume o mantemento e conservación do espazo, sen prexuízo da colaboración que se precise para os traballos de mantemento e conservación das estruturas arqueolóxicas e dos elementos e bens orixinais restaurados que se

conservan e expoñen no espazo arqueolóxico, incluído o lenzo da Muralla Romana, e que corresponde ao Plan de conservación e mantemento anual da Muralla Romana de Lugo, dependente da Xunta de Galicia e da conservación dos espazos públicos de titularidade do Concello de Lugo que lle correspondan.

O Concello de Lugo estará informado do desenvolvemento de dita xestión e do contido das tarefas e traballos de mantemento e conservación dese espazo, participando a través da Comisión de Seguimento, ou doutro órgano, en todas aquelas decisións relevantes relativas a estes aspectos, incluídos os termos das colaboracións estipuladas como compromisos do Concello.

Terceiro. Compromisos do Concello

O Concello cede a xestión integral da Domus á USC, sen que isto afecte á propiedade da superficie de dominio público correspondente de titularidade do Concello.

Así mesmo, o Concello colaborará nos trámites necesarios para a declaración de museo e a súa integración no Sistema Galego de centros museísticos, así como para a súa posta en valor como recursos divulgativo e cultural da historia da Cidade de Lugo, integrándoo na súa oferta.

O Concello asume, así mesmo, o mantemento da zona urbana da súa titularidade, con exclusión das estruturas arqueolóxicas relacionadas co xacemento ou o propio espazo museístico, cuxa conservación e mantemento asume a Universidade de Santiago de Compostela como responsable da xestión do Museo.

Cuarto.-Compromisos conxuntos

Ambas as dúas partes promoverán activamente o desenvolvemento da programación e actividades da DomusMitreo, integrándoas na medida do posible na programación cultural e museística do Concello de Lugo.

Contéplase así mesmo a posibilidade de realización de visitas institucionais polas dúas partes ao marxe do réxime ordinario de visitas suxeitas a pagamento.

A USC e o Concello de Lugo, obríganse a mencionar a colaboración das dúas entidades en calquera actividade ou evento relacionado co Museo que sexa organizado por unha ou outra entidade.

Quinto.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión de seguimento integrada por dous membros por cada unha das partes.

Pola USC formarán parte da Comisión:

- A persoa titular da Rectoría, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Xerencia, ou persoa en quen delegue.

Polo Concello de Lugo formarán parte da Comisión:

- A Ilma. Tta. de Alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, ou persoa en quen delegue.
- Enrique González Fernández, Arqueólogo Municipal. .”

Sexto. Financiamento

A subscrición do convenio non xera un gasto novo distinto do xa asumido pola Universidade de Santiago de Compostela en materia de xestión da DomusMitreo e que figura nas correspondentes partidas orzamentarias nin por parte do Concello de Lugo en materia de mantemento da zona urbana da súa titularidade.

Sétimo. Vixencia e duración

O convenio será efectivo desde a data da súa subscrición e terá unha duración de catro anos, podendo prorrogarse por acordo unánime das partes por un período de ata catro anos adicionais. A vontade de prorrogar o convenio comunicarse con un mes de antelación, como mínimo, con respecto á data de finalización do referido prazo de vixencia.

Oitavo.- Xurisdicción

Atribúese á comisión de seguimento do convenio a interpretación do mesmo así como a resolución das discrepancias que poidan xurdir en orde ao seu cumprimento. No obstante o anterior, das cuestións Litixiosas que puideran derivar do convenio, dada a súa natureza administrativa, serán competentes para as coñecer os Xulgados e tribunais da xurisdicción contencioso-administrativa.

E, en proba de canto precede, asínase o presente convenio de forma electrónica na data indicada.